



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE AGOSTO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día un de agosto de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño, dona Leonor Fernández Grande e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia e dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión (non asistiron Óscar A. Garcia Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros), e están hoxe presentes, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución número 23.687, de data 24.07.2017, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma Deputación provincial da Coruña, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa: FOO23 B: convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2017. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque", cun importe de subvención de 6.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 142, do 28 de xullo de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución do 21 de xullo de 2017, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se redistribúen e minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 144, do 31 de xullo de 2017).

3 Expedientes de contratación

3.1 Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra **“Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala”**, incluída no **“POS+ 2017”** Expediente: 2017/C003/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel a obra de *“Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala”*, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto, elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuín, cun orzamento base de licitación de 103.653,95 euros (IVE incluído).

O 13 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, así pois, dende o punto de vista urbanístico considérase viable.

Con data 25 de maio de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos.

Consta informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 5 de xullo de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.

Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 11 de xullo de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 171.62500, por importe de 103.653,95 euros.

Mediante Resolución da presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, de data 7 de xullo de 2017, resolveuse declarar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Esta



resolución foi recibida no Concello de Cambre o día 10 de xullo de 2017 a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 26 de xullo de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola la secretaria xeral e mailo interventor municipais, de data 27 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 27 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada "*Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", cun valor estimado de contrato de 102.797,30 euros (orçamento base sen IVE, 85.664,42 + 10% modificado do proxecto, 8.566,44 + 10% certificación final, 8.566,44), e un orçamento total de execución por contrata de 103.653,95 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCS), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000006).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/171.62500.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 26 de xullo de 2017:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Programa de traballo (Máx. 25 pts):

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, fichas técnicas dos elementos de xogo ofertados (incluso nome comercial dos xogos), sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
- Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotográficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 25 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 20,01 e 25 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 15,01 e 20 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 10,01 e 15 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 5,01 e 10 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 5 Puntos

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 15 pts):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 15 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non puntuúa	se
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material,	Ata puntos	15



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

(cláusula 15)	sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	
----------------------	---	--

Oferta económica (Máx 60 pts):

Valórase ata 60 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](http://www.dicoruna.es/valoracion/) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 26 de xullo de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



3.2 Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra “Mellora das pistas descubertas do Parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala”, incluída no “POS+ 2017” Expediente: 2017/C003/000007

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel a obra de “*Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala*”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto, elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuín, cun orzamento base de licitación de 68.370.67 euros (IVE incluído).

O 14 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, así pois, dende o punto de vista urbanístico considérase viable.

Con data 25 de maio de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Consta informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 10 de xullo de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.

Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 24 de xullo de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 171.62200, por importe de 68.370,67 euros.

Mediante Resolución da presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, de data 7 de xullo de 2017, resolveuse declarar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Esta resolución foi recibida no Concello de Cambre o día 10 de xullo de 2017 a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 26 de xullo de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.



Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola la secretaria xeral e mailo interventor municipais, de data 28 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 28 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada “*Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala*”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, cun valor estimado de contrato de 67.805,63 euros (orçamento base sen IVE, 56.504,69 + 10% modificado do proxecto, 5.650,47 + 10% certificación final, 5.650,47), e un orzamento total de execución por contrata de 63.370,67 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000007).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/171.62200.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 26 de xullo de 2017:

Programa de traballo (Máx. 25 ptos):

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, fichas técnicas dos elementos

de xogo ofertados (incluso nome comercial dos xogos), sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregarase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 25 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 20,01 e 25 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 15,01 e 20 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 10,01 e 15 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 5,01 e 10 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 5 Puntos

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 15 pts):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 15 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntuúa
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 15 puntos

Oferta económica (Máx 60 pts):



Valórase ata 60 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 26 de xullo de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 21 ao 27 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1387/2017 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente número 1403/2017, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1387/2017	21/07/2017	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 27 de xullo de 2017
1388/2017	21/07/2017	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 27 de xullo de 2017
1389/2017	21/07/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de xullo de 2017
1390/2017	21/07/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4147)
1391/2017	24/07/2017	Aprobación segunda achega convenio promocion del futbol 2016, por importe de 6.000,00 euros
1392/2017	24/07/2017	Aprobación da xustificación e proposta de pagamento das subvencións municipais a entidades 2016 - cultura
1393/2017	24/07/2017	Conceder a licenza para modificado de proxecto basico e execución en lugar Estorrentada, Cambre. Solicitante: MAMZ
1394/2017	24/07/2017	Conceder a licenza para as obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar e construcións anexas sitas en Meixigo, parroquia de Cambre. Solicitante: ESNF
1395/2017	24/07/2017	Conceder a licenza municipal para a construción dun tramo da rede de sumidoiros en Apeadeiro, Cecebre, así como para a execución das acometidas a esa rede das vivendas. Solicitante: SRD
1396/2017	24/07/2017	Expediente de orde de execución 2017/I002/000014 para reparación de muro en finca sita en rúa Salgueiro, s/n, Cambre. Propiedad: S., S.L.
1397/2017	24/07/2017	Conceder licenza a para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo. Solicitantes: M ^a NCA e JSV
1398/2017	24/07/2017	Conceder a licenza de primeira utilización para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Lendoiro, núm. 36 A, parroquia de Cecebre, con licenza de obra nº 01/24/13. Solicitante: RMSC
1399/2017	24/07/2017	aprobacion liquidacions actividades xuvenis mes de xuño Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao mes de maio de 2017 por un importe total de 2317,25 euros
1400/2017	24/07/2017	Aprobar o I Plan de Conciliación do Concello de Cambre
1401/2017	24/07/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación Permanente do día 28 de xullo de 2017
1402/2017	26/07/2017	Aprobación alta usuario SAF FGV
1403/2017	27/07/2017	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso á parcela perimetral que rodea o edificio situado na Xira, Sigrás. Solicitante: BLF

5º. Informes doutros asuntos de área



Informes da alcaldía

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- Día 26, ás 21.00 horas no local socio cultural tivo unha reunión cos veciños da urbanización da Barcala polo Gas Propano. Asistiron máis de 300 veciños.
- Mantivo unha reunión co vicepresidente de tenis de mesa de Anceis .
- Unha veciña Nuria Alonso da Barcala informou o do parque infantil de Eroski .
- ASCV. de Brexo –Lema mantivo unha reunión para a entrega de alimentos non perecedoiros para o banco de alimentos da Barcala.
- Mantivo unha reunión co presidente de Santa M^a de Vigo para concretar peticións para a festa do 11 de agosto.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP OMIX: descargas, 1910; total visitas, 26.279
- Campamentos de verán: San Xoan de Río, campamento de maiores.
- Actividades de praia: actividade de excursión á praia suspendida por falta de inscricións mínimas.
- Muralismo: cromática mural fest.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores 26 asistiu á presentación do libro “Miro Casabella e a Nova Canción Galega” en Vila Concepción.
- Xoves 27 asistiu ao acto de sinatura de Miro Casabella no Libro de Honra do Concello de Cambre, celebrado no salón de Plenos.
- Venres 28, asistiu ao concerto dos Melidaos no parque da Igrexa.
- Sábado 29, asistiu ao concerto de Miro Casabella e Paco Ibáñez, celebrado no pavillón municipal Sofía Toro.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido



para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Alegacións á liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre. Expediente: 2010/4-3 SERV
- Adxudicación á empresa "Arkivolta, Construcción y Mantenimientos, S.L.", polo importe ofertado de 19.602,00 euros, IVE incluído, da obra denominada "Adecuación de local municipal en Paseo marítimo 3, O Temple". Expediente 2017/C002/000014
- Contratación do contrato mixto (subministración e obra) "Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Expediente 2017/C005/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Alegacións á liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre. Expediente: 2010/4-3 SERV.

Vista a proposta de Alcaldía de data 31 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor da Corporación, de data 28 de xullo de 2017, que se transcribe a continuación:

"ANTECEDENTES

1.- Con data do 14 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou, entre outros, os seguintes acordos :

"Primeiro: De acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia emitido o 22 de febreiro de 2017, declarar extinguido o contrato suscrito o día 14 de decembro de 2010, entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre, debido ao transcurso do prazo máximo legal de duración previsto no artigo 279 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, (LCSP), normativa de aplicación ao expediente antedito, nº 10/4-3 SERV.

(...)



Terceiro: Proceder á liquidación do contrato, emitíndose o correspondente informe para o efecto polo xefe da Sección de Planeamento e Xestión Municipal.

(...)"

2.- Con data do 5 de maio de 2017, emítase informe de liquidación polo arquitecto municipal xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, do que resulta que :

"Si ben a resolución do contrato podería dar dereito ao contratista, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración no caso que nos ocupa non existe traballo algún recibido pola Administración que efectivamente se realizase con arranxo ao contrato

Por todo o exposto a liquidación do contrato deberá realizarse con un valor de cero euros ; sen prexuízo do que resulte da penalidade imposta e da posible indemnización que puidera resultar do informe do arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2013"

3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 9 de maio de 2017, acordou :

"Primeiro : De conformidade cos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 14 de marzo de 2017, comunicar á entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), que o resultado da liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. 2010/4-3 SERV.), segundo informes emitidos polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, e máis pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 8 de maio seguinte, será de 0 euros , tendo en conta , ademáis, que o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída, importe de 1.950,99 euros que, no suposto de non ser aboado polo contratista, procederase ao seu cobro polo procedemento administrativo de préma, segundo o artigo 89.2 da Lei dos contratos do sector público.

Segundo : Tendo en conta o establecido no art. 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos do sector público, darlle traslado á UTE adjudicataria do informe emitido polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, outorgándolle un prazo de audiencia de dez días hábiles, para que preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que estime oportunos, e tendo en conta que, dentro do prazo de dous meses, ben desde que conteste o contratista ou ben desde que transcorra o prazo establecido para o efecto, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: *Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .”*

4.- Notificados á UTE os anteriores acordos de xeito telemático, con data de lectura do día 2 de xuño de 2017, o día 16 de xuño de 2017, ao nº de rexistro 0/5527, a UTE IDOM-ARNAIZ presenta escrito de alegacións á liquidación practicada.

5.- Con data do 14 de xullo de 2017, emítase informe polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, que en resposta á alegación terceira das efectuadas pola UTE, indica que :

- Desde o 30 de setembro de 2015, data na que se remiten os informes técnico e xurídico ao documento previo a aprobación inicial (IPAI) non se realizou traballo ningún por parte do contratista.
- Que o traballo realizado non foi informado favorablemente, e consecuentemente non pode ser recepcionado pola Administración
- O contratista nunca tivo intención de corrixir o documento presentado para aprobación inicial, que non foi informado favorablemente en setembro de 2015
- Sobre as distintas porcentaxes de traballo realizado e validado pola administración que cita o alegante, non lle consta ao arquitecto municipal que exista presentación oficial nin validación ningunha por ningún órgano municipal
- Sobre o enriquecemento inxusto da administración indica o arquitecto que o pagamento efectuado á empresa (neste caso, unha UTE), por un traballo que non ten utilidade ningunha para a Administración, como demostra a necesidade de iniciar a licitación dun novo contrato de redacción do Plan xeral desde o inicio é unha proba clara de empobrecemento da Administración ao ter que pagar dúas veces un traballo.
- O arquitecto municipal ratifica a súa liquidación efectuada a importe 0 euros, ao sinalar , como conclusión, que *“a xuízo do que subscribe non procede facer unha valoración da liquidación distinta dos 0 euros”*.

6.- O día 18 de xullo de 2017, emítase informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, responsable do contrato don Emilio Martínez Cubero, no que, en resposta á alegación segunda das efectuadas pola UTE, indica que unha das obrigas do contratista é a de recoller toda a información necesaria para os traballos de redacción do PXOM, entre eles a cartográfica, de xeito que si esta non fose completa tería o adxudicatario que realizar os traballos precisos para completala ou actualizala, como se esixe no apartado 3 do prego de prescricións técnicas

7.- Con data do 13 de xullo de 2017, a UTE adxudicataria procedeu ao ingreso na conta municipal do Concello de Cambre da suma de 14.690,61 euros, correspondente ao importe da garantía



definitiva que se acordou incautar por sendos acordos da Xunta de Goberno local do Concello de Cambre de data 14 de marzo de 2017, e posterior Resolución da Alcaldía do 10 de maio de 2017.

En consecuencia con esto, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 18 de xullo de 2017, acordou revogar o acordo de incautación do aval depositado pola UTE en garantía da correcta execución do contrato de servizo de redacción do PXOM de Cambre, expte. 10/4-3 SERV.

LEXISLACIÓN APLICABLE

I.- En canto á liquidación dos contratos, arts. 205.4, e 285.1 da Lei 30/2007 do 30 de outubro (aplicable ao contrato que nos ocupa), de contratos do sector público

II.- Respecto ao procedemento a seguir, art. 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Con base nos antecedentes, e normativa antedita, emítase o presente

INFORME:

Primeiro: No escrito de alegacións presentado en trámite de audiencia do expediente de liquidación do contrato, IDOM-ARNAIZ UTE formula catro alegacións, correspondendo a este departamento xurídico a resposta ás identificadas como Primeira e Cuarta, toda vez que as alegacións segunda e terceira corresponden a cuestións de tipo técnico que xa fóron resoltas polos funcionarios técnicos competentes, (arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, e xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, tal e como se fai constar nos antecedentes deste mesmo informe).

Así pois, procederemos a analizar cada unha delas, facendo remisión, nos casos nos que proceda, aos informes técnicos emitidos con datas do 14 e 18 de xullo de 2017:

a) Alegación “Primeira. Respecto á compensación da penalidade coa garantía”

A UTE volve a incidir, novamente, en cuestións xa tratadas e respondidas nos informes xurídicos emitidos con datas do 8 de maio e 10 de maio de 2017, e que se refiren á falta de resolución expresa dun recurso de reposición interposto pola UTE contra a Resolución da Alcaldía de data do 14 de agosto de 2013, pola que se impoñen á UTE penalidades por demora na execución do contrato, nun importe de 16.641,60 euros, (que se farán efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pagamento parcial deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía constituída, cando non poidan deducirse dos documentos de pagamento), o que leva á UTE alegante a entender que o Concello de Cambre non pode esixir o aboamento desa suma á entidade contratista, por estar pendente a resolución do recurso interposto. Ademais, a UTE alega novamente que non se lle outorgou a posibilidade de proceder ao pagamento en período voluntario.

Respecto desta alegación, e toda vez que se refire a dúas cuestións xa tratadas en informes xurídicos anteriores, damos por reproducido o indicado no informe de data 10 de maio de 2017,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

emitido pola técnica de xestión de Administración xeral e conformado pola secretaria xeral do Concello de Cambre, que, en consonancia co informe xurídico emitido o 8 de maio anterior polas mesmas funcionarias, sinala que :

“Do exame do expediente, resulta que con data do 14 de agosto de 2013, díctase Resolución da Alcaldía pola que se impoñen á UTE penalidades por demora na execución do contrato, nun importe de 16.641,60 euros, que se farán efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pagamento parcial deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía constituída.

Notificada á entidade adxudicataria a anterior Resolución, con data do 8 de outubro de 2013, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 13781, un escrito de interposición de recurso de reposición contra a resolución, sen que conste no expediente a resolución expresa do recurso interposto.

(...)

O artigo 117.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, de aplicación no momento no que se dictou a Resolución 1.215/2013 do 14 de agosto e se interpuso recurso de reposición potestativo, (Disposición transitoria Primeira da Lei 39/2015 do 1 de outubro), establece que o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes. En relación con isto, o artigo 116.2 do mesmo corpo legal, indica que “Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto”.

En relación con isto, o artigo 43, apartados 2 , e 3 , da Lei 30/1992 establece que nos procedementos de impugnación de actos e disposicións , o silencio administrativo terá efectos desestimatorios, e que a desestimación por silencio administrativo ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente. Ademais, o apartado 5 do artigo 43 indica que os actos administrativos producidos por silencio administrativo se poderán facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, e que estes producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que debese dictarse e notificarse a resolución expresa sen que esta se tivese producido, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en Dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido que puidese solicitarse do órgano competente para resolver, de xeito que, si se solicita este certificado, deberá emitirse no prazo máximo de quince días.

Polo tanto, téndose interposto por IDOM-ARNAIZ UTE o recurso de reposición conta a Resolución que impoñía as penalidades con data do 8 de outubro de 2013, o recurso interposto puido terse desestimado por silencio administrativo desde o 8 de novembro de 2013, data a partir da cal se producen os efectos do silencio, e, polo tanto, a entidade adxudicataria , ou ben puido solicitar do Concello de Cambre a emisión de certificado acreditativo do silencio, (o que non fixo), ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo,



cosa que tampouco realizou , aínda que na notificación que lle foi practicada se facía expresa referencia á posibilidade de interposición deste recurso .

Así pois, invocar a falta de resolución expresa do recurso interposto no ano 2013, máis de tres anos despois de producidos os efectos do silencio desestimatorio, cando a UTE adxudicataria non realizou actuación ningunha desde entón dirixida a invalidar as penalidades impostas, e cando o expediente contractual derivou por varios intentos de resolución do contrato, (o primeiro deles, inmediato á imposición de penalidades, -incoado por Resolución nº 42/2014 do 10 de xaneiro dictada polo concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación -, e que rematou co arquivo do expediente e o outorgamento dun novo prazo á UTE para rematar os traballos, acordado por Resolución nº 634/2014 do 28 de marzo), ata a declaración da súa extinción acordada pola Xunta de Goberno local de Cambre o pasado día 14 de marzo de 2017, resulta un novo intento torticero da entidade contratista de prolongar o remate dun expediente contractual no que os incumprimentos da adxudicataria resultan probados e reiterados.”

Neste mesmo informe, e respecto da posibilidade de ingresar o importe das penalidades en período voluntario sen proceder á incautación da garantía, indícase que :

“O artigo 196.8 da Lei 30/2007 de contratos do sector Público , norma que tiña carácter de lexislación básica ao abeiro do establecido no artigo 149.1.18 da Constitución Española, establece que “As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación.... que será inmediatamente executivo e se farán efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.”

Ademáis, o artigo 89.2 da Lei 30/2007 de contratos do sector Público , que como vimos ten carácter de lexislación básica ao abeiro do establecido no artigo 149.1.18 da Constitución Española, determina que “Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ao cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de préma, con arranxo ao establecido nas normas de recadación”

Sendo, por tanto, aplicable en primeiro lugar pola propia xerarquía das fontes do Dereito a lei contractual sobre o Regulamento de recadación, o Concello de Cambre debe proceder ao cobro das penalidades impostas na seguinte orde de aplicación :

1º.- Detraendo o importe das penalidades das cantidade pendentes de cobro. Tendo en conta que no presente expediente non consta que a UTE adxudicataria teña pendente de cobro ningunha factura, o Concello non pode acudir a este sistema de cobro

2º.- Execución da garantía definitiva constituída : No presente suposto, o importe da garantía non resulta suficiente para o cobro das penalidades impostas



3º.- Cobro da diferenza resultante, (non do total, como pretende a UTE adxudicataria), mediante a aplicación do procedemnto administrativo de préma, que se regula nos artigos 70 e seguintes do Regulamento xeral de Recadación (RD 939/2005 do 29 de xullo)

Do exposto resulta que o Concello de Cambre está seguindo e cumprindo co procedemento establecido na lexislación contractual, de aplicación preferente, e sen que nela se contemple o ofrecemento de pagamento ao adxudicatario.”

Polo exposto, propónse a desestimación desta alegación formulada por IDOM-ARNAIZ UTE, debendo terse en conta, ademáis, que a UTE procedeu con data do 13/07/2017 ao ingreso na conta municipal do importe de 14.690,61 euros, (importe da garantía constituída), acordando o Concello de Cambre mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2017 a revogación do acordo de incautación do aval, precisamente, polo pagamento en metálico efectuado pola UTE contratista, o que amosa a boa vontade do Concello respecto á forma de proceder ao aboamento das penalidades impostas, e consecuentemente , invalida a alegación efectuada pola UTE, que, a día de hoxe, resulta incongruente co actuado.

b) Alegación “Segunda : A liquidación realizada polo Concello de Cambre resulta improcedente e contraria a dereito : procedencia da liquidación contradictoria dos traballos realizados por IDOM-ARNAIZ UTE para completar a cartografía municipal e subsanar os defectos do inventario de camiños municipal.”

A UTE considera que realizou traballos que non eran parte do contrato, e que deberían serlle abonados, referíndose aos traballos consistentes en completar as carencias e erros da cartografía municipal, ou os traballos realizados polos “defectos” do inventario de camiños públicos” que provocaron, segundo a alegante, un incremento de horas de dedicación do equipo redactor, e que valora en 23.200,00 euros sen IVE, ademáis dos traballos de mecanizado de acceso á AP-9, que valoran en 2.800 euros sen IVE, e os de “nova ordenación da AOD Atrio”, que valoran en 3.840,00 sen IVE, **(total : 29.840,00 euros máis IVE)**.

A esta alegación, que se refire a cuestións meramente técnicas, responde o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do Concello de Cambre, no seu informe de data 18 de xullo de 2017, do que resulta que :

- Respecto dos traballos de “mecanizado de acceso á AP-9” e ós de “nova ordenación da AOD Atrio”, polos que se divide este ámbito de solo urban non consolidado en dous polígonos, o informante descoñece a realización destas tarefas, xa que “non consta nestas oficinas municipais”, e que “nin sequera se sabe ao que se refire”. Ademáis, indica o técnico informante, esta alegación, “no que se refire ás cuestións citadas da cartografía e do inventario de camiños municipais que constitúen o principal argumento da mesma, carece de todo fundamento e manifesta descoñecemento do contratista IDOM-ARNAIZ UTE das súas obrigas contractuais”.
- Unha das obrigas do contratista é a de recoller toda a información necesaria para os traballos de redacción do PXOM, entre eles a cartográfica, de xeito que si esta non fose perfecta ou completa, ou non estivese actualizada, tería o adxudicatario que realizar todos os traballos de campo precisos para completala ou actualizala, como se



esixe no apartado 3 , epígrafe “información urbanística”, do prego de prescricións técnicas para a redacción do PXOM de Cambre, que rexen o contrato, e que a alegante aceptou expresamente e se obrigou a cumprir.

- Con claridade meridiana e con arranxo ao prego de prescricións técnicas que rexen o contrato, o contratista ten a obriga de actualizar ou completar as carencias ou erros da cartografía e do inventario de camiños, se fose preciso
- Se refire o técnico informante a anteriores informes por el emitidos, ao indicar que a execución de todo contrato se realiza a risco e ventura do contratista, polo que si a información existente non é suficiente ou é defectuosa para a redación do PXOM, esta se terá que completar ou actualizar cos traballos de campo do equipo redactor que fosen necesarios, e esta é a súa obriga, como recollen o prego de prescricións técnicas que rexen o contrato e mailo principio de risco e ventura.

Polo tanto, propón a desestimación da alegación formulada, toda vez que non pode aceptarse que a UTE asumiu costes adicionais que non lle corresponden.

c) Alegación “Terceira. A liquidación realizada polo Concello de Cambre resulta improcedente e contraria a dereito : procedencia da Liquidación contradictoria dos traballos realizados por IDOM-ARNAIZ UTE e que acadan entre o 72,82 % e o 77,5% do obxecto do contrato”

Indica a UTE alegante que os traballos de redacción do PXOM desenvolvéronse nunha parte que acada, aproximadamente, entre o 72,82 e o 77,5 % do documento. Sinala a entidade que “*non estamos ante o desenvolvemento do contrato, senón ante a fase de liquidación do traballo efectivamente desenvolto por IDOM-ARNAIZ UTE, á marxe dos fitos acadados ou das fases de elaboración do plan*”. Enfatiza que a UTE debe cobrar o traballo realizado e que foi entregado ao Concello de Cambre e queda no seu poder e, analizando a súa posible realización dende unha dobre perspectiva (considerando o baremo do Colexio Oficial de Arquitectos, e atendendo ás validacións realizadas polo Concello sobre os traballos realizados), conclúe que puido acadar un 72,82 % (primeira valoración) ou un 77,5 % (segunda valoración), respectivamente. Por este concepto, a UTE reclama un importe de 213.954,04 euros máis IVE, á que se restará o importe xa cobrado na factura nº VE 2010-01 por importe de 58.762,44 euros, **facendo un resto de 155.191,60 euros máis IVE.**

A esta alegación, novamente técnica, responde o arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, que no seu informe de data 14 de xullo de 2017, indica que :

- Os tramites nunca se interrumpiron por parte da Administración, que en todo momento amosou o seu interese en rematar co proceso de elaboración da documentación para aprobación inicial. Desde o 30 de setembro de 2015, data na que se remiten os informes técnico e xurídico ao documento previo a aprobación inicial (IPAI) non se



realizou traballo ningún por parte do contratista.

- Que o traballo realizado non foi informado favorablemente, e consecuentemente non pode ser recepcionado pola Administración . Concretamente, indica o técnico que *“O grado de desenvolvemento acadado polo documento para aprobación non pode ser do 70, 80 ou 90 %, en tanto non se acade o 100 % do traballo contratado por cada fase, non se pode considerar realizado e consecuentemente non pode ser recepcionado pola administración”*
- O contratista nunca tivo intención de corrixir o documento presentado para aprobación inicial, que non foi informado favorablemente en setembro de 2015
- Sobre as distintas porcentaxes de traballo realizado e validado pola administración que cita o alegante, non lle consta ao arquitecto municipal que exista presentación oficial nin validación ningunha por ningún órgano municipal
- Sobre o enriquecemento inxusto da administración indica o arquitecto que o pagamento efectuado á empresa por un traballo que non ten utilidade ningunha para a Administración, como demostra a necesidade de iniciar a licitación dun novo contrato de redacción do Plan xeral desde o inicio é unha proba clara de empobrecemento da Administración ao ter que pagar dúas veces un traballo.
- O arquitecto municipal ratifica a súa liquidación efectuada a importe 0 euros, ao sinalar , como conclusión, que *“a xuízo do que subscribe non procede facer unha valoración da liquidación distinta dos 0 euros”*.

Lembremos, por outra banda, que tanto o artigo 285.4 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, (lei de aplicación ao expediente contractual), como o artigo 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), refírense ao dereito ao contratista ao aboamento do prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos ***“que efectivamente tivese realizado con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración”***, e no contrato de obras, condiciona a liquidación a que ***“o informe do director da obra sobre o estado delas fose favorable, ou en caso contrario, unha vez reparado o construído...”***

Polo tanto, procede desestimar esta alegación formulada, por non terse realizado os traballos cuio pagamento se reclama pola UTE a satisfacción da Administración, nin ter sido recepcionados polo Concello de Cambre .

d) Alegación “Cuarta. Vulneración do principio de prohibición do enriquecemento inxusto das Administracións Públicas”

Xa o arquitecto municipal, no seu informe de data 14 de xullo, refírese a esta cuestión indicando que *“o pagamento efectuado á empresa por un traballo que non ten utilidade ningunha para a Administración, como demostra a necesidade de iniciar a licitación dun novo contrato de redacción*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

do Plan xeral desde o inicio é unha proba clara de empobrecemento da Administración ao ter que pagar dúas veces un traballo."

Como se indica pola doutrina (véxase, por exemplo, "Contratación Administrativa Práctica, Nº 104, Sección Usted Pregunta, Enero 2011, Editorial LA LEY, LA LEY 4182/2010", "La doctrina del enriquecimiento injusto ha sido configurada por la jurisprudencia para legitimar el derecho del contratista a que le sean abonadas las partidas de obra realmente ejecutadas, aun cuando no tengan adecuada correspondencia con el contrato suscrito, cuando dicha ejecución al margen de las determinaciones contractuales aprobadas, **han sido ordenadas por la dirección de la obra y, en todo caso, queda acreditada la buena fe del contratista.** Así lo tienen reconocido, entre otras muchas, las Sentencias del Tribunal Supremo de 29 de enero de 1993, 14 de noviembre de 1985 y 19 de noviembre de 1982. Pero no toda ejecución de obra extracontractual deberá ampararse por dicha doctrina, ya que **en otros supuestos donde el contratista ha actuado al margen del contrato y de las órdenes de la dirección facultativa, la jurisprudencia ha aplicado el principio de que nadie puede enriquecerse con sus propios actos ilícitos** (Sentencia del Tribunal Supremo de 28 de enero del 2000)."

Respecto da teoría do enriquecemento inxusto, e dos requisitos para a preciar a súa aplicación, cómpre citar ademáis, entre outras, a Sentenza da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, Sección 7ª, sentenza do 28 de xaneiro de 2015, rec. 449/2012, en cuio fundamento xurídico segundo, se establece que :

"Que en la contratación administrativa rigen estos dos principios esenciales: el de riesgo y ventura y el de equilibrio económico financiero de la concesión; que el segundo es un factor de modulación del primero para garantizar la continuidad y regularidad en la prestación del servicio público; y que esta modulación opera mediante la distinción entre lo que es el alea normal del contrato (en cuyo ámbito opera el principio de riesgo y ventura), y lo que son circunstancias que escapan a ese alea ordinario, por ser imposible su previsión normal o razonable, en las que opera el deber administrativo de establecer la ecuación financiera perturbada por dichas circunstancias.

Que el principio de riesgo y ventura impone a la concesionaria soportar los perjuicios derivados a las incidencias del contrato que sean ajenas a la actuación de la Administración (esto es, que no sean reconducibles a estos casos: "ius variandi"; y "factum principis"); y dicho principio también decae en los casos de fuerza mayor o riesgo imprevisible.

Y que el principio de la necesidad de restablecimiento o mantenimiento del equilibrio económico opera en cualquier alteración de la ecuación financiera que sea perjudicial para el concesionario y no le sea imputable dentro del ámbito del riesgo y ventura ; y así resulta tanto de lo establecido en los [artículos 163.2 del Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas \(LA LEY 2206/2000\)](#) , aprobado por el [Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio \(LA LEY 2206/2000\)](#) [TR/LCAP], como de lo establecido en la [Ley 13/2003 \(LA LEY 919/2003\)](#), reguladora del contrato de concesión de obra pública ...

(...)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Se alude aquí inicialmente a la **doctrina del enriquecimiento injusto**, a su aplicación a la contratación administrativa por la jurisprudencia de esta Sala y a los presupuestos que se vienen exigiendo para esa aplicación.

Después de lo anterior, se aduce que en el caso litigioso se dan todos los elementos que resultan bastantes para considerar que se produciría un enriquecimiento injusto a favor de la Administración de no proceder esta al restablecimiento del equilibrio económico de la concesión; y como tales elementos se señalan estos: **el enriquecimiento de la Administración mediante la adquisición de la obra pública construida como bien de dominio público; ese enriquecimiento tendría como causa el empobrecimiento de la concesionaria, por haber construido esta la obra y no habersele ofrecido la posibilidad de recuperar lo invertido en ella y un rendimiento razonable; ha mediado buena fe en el concesionario; y falta de causa en ese enriquecimiento de la Administración y en el correlativo empobrecimiento de la concesionaria.**”

(...)

“El estudio de la solución que haya de darse a dicha cuestión exige previamente efectuar las consideraciones que siguen.

La primera es que **el principio de la eficacia vinculante del contrato y de la invariabilidad de sus cláusulas es la norma general que rige en nuestro ordenamiento jurídico tanto para la contratación privada como para la contratación administrativa**. En cuanto a la primera debe mencionarse el [artículo 1091 del Código civil \(LA LEY 1/1889\)](#), y sobre la segunda estas otras normas de la sucesiva legislación de contratos administrativos más reciente: el [artículo 94 del TR/LCAP \(LA LEY 2206/2000\)](#) de 16 de junio de 2000, y los artículos 208 y 209 del [TR/LCSP \(LA LEY 21158/2011\)](#) de 14 de noviembre de 2011.

La segunda es que **la contratación administrativa se caracteriza también por llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista (artículos 98 del TR/LCAP (LA LEY 2206/2000) de 2000 y 215, 231 y 242 del TR/LCSP (LA LEY 21158/2011) de 2011)**. **Un elemento de aleatoriedad que significa que la frustración de las expectativas económicas que el contratista tuvo en consideración para consentir el contrato no le libera de cumplir lo estrictamente pactado ni, consiguientemente, le faculta para apartarse del vínculo contractual o para reclamar su modificación.**

La tercera es que en nuestro ordenamiento jurídico ha sido tradicional establecer unas tasadas excepciones a esa aleatoriedad de los contratos administrativos, consistentes en reequilibrar la ecuación financiera del contrato **únicamente cuando se ha producido una ruptura de la misma por causas imputables a la Administración** (“ius variandi”o “factum principis”), **o por hechos que se consideran “extra muros” del normal “alea” del contrato** por ser reconducibles a los conceptos de fuerza mayor o riesgo imprevisible. Lo cual significa que no toda alteración del equilibrio de las prestaciones del contrato da derecho al contratista a reclamar medidas dirigidas a restablecer la inicial ecuación financiera del vínculo, sino únicamente aquellas que sean reconducibles a esos tasados supuestos de “ius variandi”, “factum principis”, y fuerza mayor o riesgo imprevisible.”



Da lectura da doutrina antedita, resulta que, para que poidamos aplicar a teoría do enriquecemento inxusto da Administración, deberían terse dado no expediente contractual que nos ocupa as seguintes circunstancias:

- a) Que o Concello de Cambre tivese adquirido os traballos realizados, é decir, tivese recepcionado a satisfacción os documentos que a UTE pretende que se lle aboan, o cal NON ACONTECEU, como quedou sobradamente exposto, non soamente nos informes emitidos neste momento procedimental, senón dos distintos informes técnicos e xurídicos emitidos no transcurso do procedemento de execución do contrato, toda vez que o Concello de Cambre non deu por válidos , nin sequera aproveitables, os documentos entregados pola UTE, como demostra o feito de que o concello teña que licitar novamente e desde o seu inicio a elaboración do PXOM de Cambre.
- b) Que existise boa fé na realización dos traballos ordenados pola Administración e executados pola adjudicataria, o cal tampouco pode estimarse, á vista dos múltiples informes obrantes no expediente que fan referencia a numerosos incumprimentos das obrigas contractuais por parte de UTE contratista, que levaron á tramitación dun expediente de imposición de penalidades, un expediente de resolución contractual (arquivado), un expediente de discrepancia interpretativa , e un novo expediente resolutorio que rematou coa declaración de extinción do contrato.

Tendo en conta, pois, que no contrato que nos ocupa, existe a obriga do contratista de adaptar o documento do PXOM tanto ás modificacións derivadas dos informes dos órganos competentes como polas variacións que se produzan na normativa, sendo estas obrigas xa coñecidas pola UTE contratista ao formular a súa oferta e asinar o contrato, sen que, por outra parte, a UTE acreditase suficientemente o prexuízo económico que declara que se lle produce, e tendo en conta, así mesmo, que o traballo que a UTE dice ter realizado non foi recepcionado polo Concello nin pode estimarse boa fé na actuación do contratista á vista dos numerosos incumprimentos contractuais manifestados ao longo da execución do contrato, e que o Concello de Cambre atópase na obriga de ter que contratar novamente a redacción do PXOM desde o seu inicio, non poden estimarse as alegacións formuladas pola UTE respecto á aplicación da teoría do enriquecemento inxusto, xa que lle resultarían de aplicación á contratista os principios de **risco e ventura e a eficacia vinculante do contrato asinado**.

Segundo : O artigo 169.2 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, establece a obriga de que a proposta de liquidación se notifique ao contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos, e o punto terceiro deste mesmo art. 169 do RD 1098/2001, establece que "*Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela*".



Así pois, emitido informe de liquidación do contrato polo arquitecto Municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión con data do 5 de maio de 2017, acordado o trámite de audiencia ao contratista polo prazo de dez días, e efectuadas alegacións por este, cómpre que, dentro do prazo de dous meses, desde que contestou o contratista, o órgano de contratación aprrobe a liquidación e aboe, no seu caso, o saldo resultante dela .

Así pois, tendo en conta os antecedentes e lexislación aplicable, fórmulase ao órgano de contratación a seguinte proposta de acordos a adoptar :

Primeiro : Desestimar as alegacións formuladas por IDOM-ARNAIZ UTE mediante escrito rexistrado de Entrada no Concello de Cambre o día 16 de xuño de 2017 ao nº 0/5527, no que solicita que se fixe o importe da liquidación do contrato de redacción do Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre a prol da entidade *“ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE)*, na cantidade de 185.031,60 euros máis IVE , toda vez que :

A) - A alegación primeira, referida á compensación da penalidade coa garantía e á falta de posibilidade de proceder ao pagamento en período voluntario, refírese a cuestións xa tratadas en informes anteriores e previamente desestimadas, sen incorporar nada novo que amplíe o xa alegado anteriormente, de xeito que a Resolución da Alcaldía do 14 de agosto de 2013 , pola que se impoñen penalidades á UTE adjudicataria derivou firme, debendo terse en conta, ademáis, que a UTE procedeu con data do 13/07/2017 ao ingreso na conta municipal do importe de 14.690,61 euros, (importe da garantía constituída), acordando o Concello de Cambre mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2017 a revogación do acordo de incautación do aval, precisamente, polo pagamento en metálico efectuado pola UTE contratista, o que amosa a boa vontade do Concello respecto á forma de proceder ao aboamento das penalidades impostas, e consecuentemente , invalida a alegación efectuada pola UTE, que, a día de hoxe, resulta incongruente co actuado.

B) - Respecto á alegación Segunda, referida á procedencia da liquidación dos traballos realizados pola UTE para completar a cartografía municipal e emendar defectos do inventario de camiños, non pode estimarse que a UTE asumise costes adicionais que non lle corresponden, xa que, tal e como consta no informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017 :

- Respecto dos traballos de “mecanizado de acceso á AP-9” e ós de “nova ordenación da AOD Atrio”, polos que se divide este ámbito de solo urban non consolidado en dous polígonos, non consta nas oficinas municipais a realización destas tarefas, que “nin sequera se sabe ao que se refire”. Ademáis, esta alegación, no que se refire ás cuestións relacionadas coa cartografía e o inventario de camiños municipais que constitúen o principal argumento da mesma, carece de todo fundamento e manifesta descoñecemento do contratista IDOM-ARNAIZ UTE das súas obrigas contractuais.
- Unha das obrigas do contratista é a de recoller toda a información necesaria para os



traballos de redacción do PXOM, entre eles a cartográfica, de xeito que si esta non fose perfecta ou completa, ou non estivese actualizada, tería o adxudicatario que realizar todos os traballos de campo precisos para completala ou actualizala, como se esixe no apartado 3 , epígrafe “información urbanística”, do prego de prescricións técnicas para a redacción do PXOM de Cambre, que rexen o contrato, e que a alegante aceptou expresamente e se obrigou a cumprir.

- Con claridade meridiana e con arranxo ao prego de prescricións técnicas que rexen o contrato, o contratista ten a obriga de actualizar ou completar as carencias ou erros da cartografía e do inventario de camiños, se fose preciso
- A execución de todo contrato se realiza a risco e ventura do contratista, polo que si a información existente non é suficiente ou é defectuosa para a redacción do PXOM, esta se terá que completar ou actualizar cos traballos de campo do equipo redactor que fosen necesarios, e esta é a súa obriga, como recollen o prego de prescricións técnicas que rexen o contrato e mailo principio de risco e ventura.

C)- Respecto á alegación Terceira, referida á procedencia da liquidación dos traballos realizados por IDOM-ARNAIZ UTE e que acadan entre o 72,82 % e o 77,5 % do obxecto do contrato, tampouco poden estimarse, por non terse realizado os traballos cuio pagamento se reclama pola UTE a satisfacción da Administración, nin ter sido recepcionados polo Concello de Cambre, ademáis de que, segundo informa o arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión con data do 14 de xullo de 2017:

- Os tramites nunca se interrumpiron por parte da Administración, que en todo momento amosou o seu interese en rematar co proceso de elaboración da documentación para aprobación inicial. Desde o 30 de setembro de 2015, data na que se remiten os informes técnico e xurídico ao documento previo a aprobación inicial (IPAI) non se realizou traballo ningún por parte do contratista.
- Que o traballo realizado non foi informado favorablemente, e consecuentemente non pode ser recepcionado pola Administración .
- O contratista nunca tivo intención de corrixir o documento presentado para aprobación inicial, que non foi informado favorablemente en setembro de 2015
- Sobre as distintas porcentaxes de traballo realizado e validado pola administración que cita o alegante, non consta que exista presentación oficial nin validación ningunha por ningún órgano municipal
- O arquitecto municipal ratifica a súa liquidación efectuada a importe 0 euros, ao sinalar , como conclusión, que *“a xuízo do que subscribe non procede facer unha valoración da liquidación distinta dos 0 euros”*.

D)- Respecto á alegación Cuarta, referida á posible vulneración do principio de prohibición do enriquecemento inxusto das Administracións Públicas, tampouco pode estimarse, ao non darse os requisitos para a súa aplicación, toda vez que no contrato que nos ocupa, existe a obriga do contratista de adaptar o documento do PXOM tanto ás modificacións derivadas dos informes sectoriais dos órganos competentes como polas modificacións que se produzan na normativa, sendo estas obrigas xa coñecidas pola UTE contratista ao formular a súa oferta e asinar o contrato, sen que, por outra parte, a UTE acredítase suficientemente o prexuízo económico que declara que se lle produce, e tendo en conta, así mesmo, que o traballo que a UTE dice ter realizado non foi recepcionado polo Concello nin pode estimarse boa fé na actuación do contratista á vista dos numerosos incumprimentos contractuais manifestados ao longo da execución do contrato, e que o Concello de Cambre se atopa na obriga de ter que contratar novamente a redacción do PXOM desde o seu inicio, polo que non procede estimar as alegacións formuladas pola UTE respecto á aplicación da teoría do enriquecemento inxusto, xa que lle resultarían de aplicación ao contratista os principios de **risco e ventura e a eficacia vinculante do contrato asinado**.

Segundo : De conformidade cos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con datas do 14 de marzo e 9 de maio de 2017, comunicar á entidade *"ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais"* (IDOM-ARNAIZ UTE), que o resultado definitivo da liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. 2010/4-3 SERV.), segundo informes emitidos polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con datas do 5 de maio e 14 de xullo de 2017, o emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017, e máis pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 8 de maio, (mailo presente informe), sería de **0 euros**, tendo en conta, ademais, que **o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros**, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída e xa ingresada na conta do Concello pola UTE adxudicataria, importe de 1.950,99 euros que, no suposto de non ser aboado polo contratista, procederase ao seu cobro polo procedemento administrativo de préma, segundo o artigo 89.2 da Lei dos contratos do sector público.

Terceiro : Darlle traslado á UTE adxudicataria dos seguintes informes obrantes no expediente, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos:

- Informe emitido polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 14 de xullo de 2017
- Informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017

Cuarto: Notificar os anteriores acordos á entidade IDOM-ARNAIZ UTE, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 28 de xullo actual

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, e de acordo co Consello Consultivo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro : Desestimar as alegacións formuladas por IDOM-ARNAIZ UTE mediante escrito rexistrado de Entrada no Concello de Cambre o día 16 de xuño de 2017 ao nº 0/5527, no que solicita que se fixe o importe da liquidación do contrato de redacción do Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre a prol da entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), na cantidade de 185.031,60 euros máis IVE, toda vez que :

A) - A alegación primeira, referida á compensación da penalidade coa garantía e á falta de posibilidade de proceder ao pagamento en período voluntario, refírese a cuestións xa tratadas en informes anteriores e previamente desestimadas, sen incorporar nada novo que amplíe o xa alegado anteriormente, de xeito que a Resolución da Alcaldía do 14 de agosto de 2013, pola que se impoñen penalidades á UTE adjudicataria derivou firme, debendo terse en conta, ademais, que a UTE procedeu con data do 13/07/2017 ao ingreso na conta municipal do importe de 14.690,61 euros, (importe da garantía constituída), acordando o Concello de Cambre mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2017 a revogación do acordo de incautación do aval, precisamente, polo pagamento en metálico efectuado pola UTE contratista, o que amosa a boa vontade do Concello respecto á forma de proceder ao aboamento das penalidades impostas, e consecuentemente, invalida a alegación efectuada pola UTE, que, a día de hoxe, resulta incongruente co actuado.

B) - Respecto á alegación Segunda, referida á procedencia da liquidación dos traballos realizados pola UTE para completar a cartografía municipal e emendar defectos do inventario de camiños, non pode estimarse que a UTE asumise costes adicionais que non lle corresponden, xa



que, tal e como consta no informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017 :

- Respecto dos traballos de “mecanizado de acceso á AP-9” e ós de “nova ordenación da AOD Atrio”, polos que se divide este ámbito de solo urbano non consolidado en dous polígonos, non consta nas oficinas municipais a realización destas tarefas, que “nin sequera se sabe ao que se refire”. Ademais, esta alegación, no que se refire ás cuestións relacionadas coa cartografía e o inventario de camiños municipais que constitúen o principal argumento da mesma, carece de todo fundamento e manifesta descoñecemento do contratista IDOM-ARNAIZ UTE das súas obrigas contractuais.
- Unha das obrigas do contratista é a de recoller toda a información necesaria para os traballos de redacción do PXOM, entre eles a cartográfica, de xeito que si esta non fose perfecta ou completa, ou non estivese actualizada, tería o adxudicatario que realizar todos os traballos de campo precisos para completala ou actualizala, como se esixe no apartado 3 , epígrafe “información urbanística”, do prego de prescricións técnicas para a redacción do PXOM de Cambre, que rexen o contrato, e que a alegante aceptou expresamente e se obrigou a cumprir.
- Con claridade meridiana e con arranxo ao prego de prescricións técnicas que rexen o contrato, o contratista ten a obriga de actualizar ou completar as carencias ou erros da cartografía e do inventario de camiños, se fose preciso
- A execución de todo contrato se realiza a risco e ventura do contratista, polo que si a información existente non é suficiente ou é defectuosa para a redacción do PXOM, esta se terá que completar ou actualizar cos traballos de campo do equipo redactor que fosen necesarios, e esta é a súa obriga, como recollen o prego de prescricións técnicas que rexen o contrato e mailo principio de risco e ventura.

C)- Respecto á alegación Terceira, referida á procedencia da liquidación dos traballos realizados por IDOM-ARNAIZ UTE e que acadan entre o 72,82 % e o 77,5 % do obxecto do contrato, tampouco poden estimarse, por non terse realizado os traballos cuio pagamento se reclama pola UTE a satisfacción da Administración, nin ter sido recepcionados polo Concello de Cambre, ademais de que, segundo informa o arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión con data do 14 de xullo de 2017:

- Os tramites nunca se interrumpiron por parte da Administración, que en todo momento amosou o seu interese en rematar co proceso de elaboración da documentación para aprobación inicial. Desde o 30 de setembro de 2015, data na que se remiten os informes técnico e xurídico ao documento previo a aprobación inicial (IPAI) non se realizou traballo ningún por parte do contratista.
- Que o traballo realizado non foi informado favorablemente, e consecuentemente non pode ser recepcionado pola Administración .
- O contratista nunca tivo intención de corrixir o documento presentado para aprobación



inicial, que non foi informado favorablemente en setembro de 2015

- Sobre as distintas porcentaxes de traballo realizado e validado pola administración que cita o alegante, non consta que exista presentación oficial nin validación ningunha por ningún órgano municipal
- O arquitecto municipal ratifica a súa liquidación efectuada a importe 0 euros, ao sinalar , como conclusión, que “a xuízo do que subscribe non procede facer unha valoración da liquidación distinta dos 0 euros”.

D)- Respecto á alegación Cuarta, referida á posible vulneración do principio de prohibición do enriquecemento inxusto das Administracións Públicas, tampouco pode estimarse, ao non darse os requisitos para a súa aplicación, toda vez que no contrato que nos ocupa, existe a obriga do contratista de adaptar o documento do PXOM tanto ás modificacións derivadas dos informes sectoriais dos órganos competentes como polas modificacións que se produzan na normativa, sendo estas obrigas xa coñecidas pola UTE contratista ao formular a súa oferta e asinar o contrato, sen que, por outra parte, a UTE acredítase suficientemente o prexuízo económico que declara que se lle produce, e tendo en conta, así mesmo, que o traballo que a UTE dice ter realizado non foi recepcionado polo Concello nin pode estimarse boa fé na actuación do contratista á vista dos numerosos incumprimentos contractuais manifestados ao longo da execución do contrato, e que o Concello de Cambre se atopa na obriga de ter que contratar novamente a redacción do PXOM desde o seu inicio, polo que non procede estimar as alegacións formuladas pola UTE respecto á aplicación da teoría do enriquecemento inxusto, xa que lle resultarían de aplicación ao contratista os principios de risco e ventura e a eficacia vinculante do contrato asinado.

Segundo : De conformidade cos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con datas do 14 de marzo e 9 de maio de 2017, comunicar á entidade “*ENXEÑEIRO E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais*” (IDOM-ARNAIZ UTE), que o resultado definitivo da liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. 2010/4-3 SERV.), segundo informes emitidos polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con datas do 5 de maio e 14 de xullo de 2017, o emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017, e máis os emitidos pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 8 de maio, e pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria e do interventor municipais de data 28 de xullo de 2017, sería de **0 euros** , tendo en conta , ademais, que **o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros**, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída e xa ingresada na conta do Concello pola UTE adxudicataria, importe de 1.950,99 euros que, no suposto de non ser aboado polo contratista, procederase ao seu cobro polo procedemento administrativo de préma, segundo o artigo 89.2 da Lei dos contratos do sector público.



Terceiro : Darlle traslado á UTE adxudicataria dos seguintes informes obrantes no expediente, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos:

- Informe emitido polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 14 de xullo de 2017
- Informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal con data do 18 de xullo de 2017

Cuarto: Notificar os anteriores acordos á entidade IDOM-ARNAIZ UTE, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación á empresa "Arkivolta, Construcción y Mantenimientos, S.L.", polo importe ofertado de 19.602,00 euros, IVE incluído, da obra denominada "Adecuación de local municipal en Paseo marítimo 3, O Temple". Expediente 2017/C002/000014

Vista a proposta de Alcaldía de data 31 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Coa data do 10 de maio de 2017 elabórase, polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, un proxecto para execución da obra denominada "Adecuación de local municipal en Paseo marítimo 3, O Temple", cun importe de execución por contrata de 21.762,07 euros IVE incluído.

A actuación proposta consiste, na limpeza de pintadas, desmontaxe de paneis composite de fachadas, novo revestimento da fachada, desmontaxe de barra, de grifería, picado do alicatado, reparación do moble mostrador, colocación dun novo pavimento, revisión e reparación da carpintería exterior e interior, pintado interior, tanto vertical como horizontal, subministro e colocación de estores, cambio de luminarias, subministración e colocación de secamáns así



como de extintores, limpeza xeral de todo o local, revisión e proba de servizo das instalacións existentes, substitución de felpudo e nova rotulación e serigrafía.

Segundo informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 15 de maio actual, a actuación se levará a cabo sobre un local municipal sito en unha edificación sita nun solo calificado nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como Solo Urban Residencial Denso, regulándose no art. 38 das mencionadas normas.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 25 de maio de 2017.

Remítíronse invitacións con data 31 de maio de 2017, para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente acreditación da recepción das invitacións enviadas a:

- José Antonio Souto Varela
- Oses, S.L.
- Cata Norte, S.L.
- Alvac, S.A
- Construcciones Navila, S.L.
- Arkivolta , Construcción y Mantenimientos, S.L.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, presentáronse proposicións por cinco dos licitadores invitados, coa salvedade de que Oses, S.L., presentou a súa oferta fora de prazo, e que a oferta presentada por Cata Norte, S.L. excede do presuposto de licitación, non formulando oferta o licitador José Antonio Souto Varela.

Con data do 11 de xullo de 2017 o arquitecto municipal emite informe-proposta de adjudicación a prol da entidade "Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L.", no importe ofertado de 19.602,00 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio de adjudicación factor prezo, único aplicable no presente procedemento, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 28 de xullo actual, e incoado expediente de contratación nº 2017/C002/000014.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 31 de xullo de 2017.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta para a contratación menor da obra denominada "Adecuación de local municipal en Paseo Marítimo, 3, O Temple", así como o proxecto elaborado polo Arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, por un importe de execución por contrata de 21.762,07 euros IVE incluído, (prezo sen IVE 17.985,118 euros).

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria "2017/920/62200 Edificios Administración xeral".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2017/C002/000014, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás catro entidades invitadas e que presentaron oferta en prazo, sendo estas: "Cata Norte, S.L.", "Alvac, S.A.", "Construcciones Navila, S.L.", e "Arkivolta, S.L., Construcción y Mantenimientos, S.L."

Quinto: Rexeitar a oferta presentada pola empresa "Oses,S.L.", por se presentar fóra do prazo establecido para o efecto, que remataba o día 7 de xuño de 2017, téndose presentado a oferta desta empresa con data do 8 de xuño de 2017.

Sexto : Rexeitar a oferta presentada por "Cata Norte , S.L.", por exceder do presuposto base de licitación, polo que resulta de aplicación o establecido polo artigo 84 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, segundo o cal "Se algunha proposición...excedese do presuposto base de licitación....será rexeitada pola Mesa, en resolución motivada."

Sétimo: Adxudicar o contrato menor, no prezo ofertado de 19.602,00 euros, IVE incluído, á empresa ARKIVOLTA, S.L., CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS, con NIF: B70045646 e domicilio na rúa Manuel Azaña, 5- baixo, 15670, Culleredo, por ser o licitador que propón a oferta máis baixa en función do factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, ao realizar a oferta economicamente máis baixa sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras admitidas, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa licitadora
Arkivolta, Construcción y Mantenimientos, S.L.
Construcciones Navila, S.L.
Alvac, S.A.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Oitavo: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Noveno: Designarase como director da obra e responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen lle corresponderá supervisar a execución da obra, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo: Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo Primeiro: Notificar ao Departamento de Intervención, ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Contratación do contrato mixto (subministración e obra) "Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Expediente 2017/C005/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 31 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

Por acordo plenario do Concello de Cambre, de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel a actuación de “*Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras*”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto, elaborado polo enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz, cun orzamento de execución por contrata de 68.174,90 euros (IVE incluído).

O 13 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, así pois, dende o punto de vista urbanístico considérase viable.

Tralo requirimento efectuado con data 4 de abril de 2017 pola Deputación Provincial, modificáronse varias cuestións técnicas do proxecto, que non afectaban á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, nin á súa valoración económica. Estas modificacións foron informadas favorablemente polo servizo de asistencia técnica a municipios, polo que se ditou a Resolución de Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, na que se resolveu, entre outros, aprobar o proxecto de referencia coas ditas modificacións incluídas.

Esta resolución foi ratificada polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 25 de maio de 2017, adoptando o acordo que se transcribe a continuación:

“**Primeiro:** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, e, polo tanto:

- Aprobar o proxecto denominado “*Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras*”, elaborado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, cun orzamento de execución por contrata de 68.174,90 euros (IVE incluído), supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excm. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS+ 2017.
- (...)”

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 7 de xullo de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 165.60900, por importe de 68.174,90 euros.

Mediante Resolución da presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, de data 7 de xullo de 2017, resolveu declarar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás



obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Esta resolución foi recepcionada o día 10 de xullo de 2017 a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 26 de xullo de 2017 o enxeñeiro de camiños municipal emitiu informe no que, entre outros aspectos, fai constar que esta actuación constitúe un contrato mixto, de subministración e obra, no que se ben a prestación que ten máis importancia desde o punto de vista económico é a subministración, o cal determina as normas que deben aplicarse para a súa adxudicación (artigo 12 do TRLCSP).

Neste mesmo informe o xefe da Sección de Servizos tamén recolle que o valor estimado do contrato supera os 60.000 euros, polo que propón como procedemento de contratación a empregar o procedemento aberto, cun único criterio a valorar (o factor prezo), isto debido a que se trata dunha actuación sen demasiada complexidade técnica, facendo uso do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais.

Con data 28 de xullo de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado polo redactor do proxecto, o enxeñeiro técnico industrial municipal.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola la secretaria xeral e mailo interventor municipais, de data 29 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 31 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), para adxudicar o contrato mixto (subministración e obra) de "*Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras*", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", cun valor estimado de contrato de 67.611,47 euros (base imponible, 56.342,89 € + 10% modificación do contrato, 5.634,29 € + 10% certificación final, 5.634,29 €), e un orzamento total de execución por contrata de 68.174,90 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos artigos 138, 173.f) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. (Expediente nº 2017/C005/000003).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/165.60900.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexe para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña o 30 de decembro de 2015, e publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016, facendo as adaptacións e aclaracións precisas para facer constar a natureza mixta do contrato a adxudicar (de subministración e obra), así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego, isto de conformidade co informe do xefe da Sección de Servizos, de data 26 de xullo actual, que propón empregar como único criterio o factor prezo, por tratarse dunha obra sen demasiada complexidade técnica, consistente esencialmente na renovación de puntos de luz mediante tecnoloxía LED.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e publicar o correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe da Comunidade Autónoma de Galicia, isto de conformidade co disposto na cláusula 10.1.a) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOE nº 07/01/2016)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

Verónica Maria Otero López